

## Cualificación:

Para calcular a nota global de avaliación os apartados anteriores valoraranse de acordo coas seguintes porcentaxes:

**Probos escritas** ( Organizadas segundo se detalla na programación) .....  
.....70 % , que desglosaremos nun 60% para a competencia CCMT e un 10% para a CCL, poñendo en valor o primeiro estándar MACB1.5.1. "Expón e defende o proceso seguido ademais das conclusións obtidas, utilizando as linguaxes alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística."

**Observación directa e traballos** (Inclúe chamadas de clase, os **Procesos, métodos e actitudes en matemáticas do Bloque 1** da táboa cos elementos do currículo do epígrafe 5, e tamén o desenvolvemento das competencias básicas/clave indicadas nos estándares de aprendizaxe que se avalían avalían, así como outros estándares que implican ferramentas tecnolóxicas) .....30 %

Na seguinte táboa afínase máis a cualificación referida á parte do 30%, que ten que ver coa consecución dos estándares nos que aparecen as competencias distintas da **CMCCT**. A seguinte táboa pódese entender tamén como a **CUALIFICACIÓN DOS ESTÁNDARES** distintos a CMCCT. Cada competencia cualificarase dunha soa vez analizando o conxunto de estándares nos que aparece na táboa do decreto que aparece no cadro de contidos, **segundo a rúbrica do epígrafe 6.6**.

CCL	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
10%	10%	5%	5%	5%	5%

De cada avaliación farase un exame de recuperación (voluntario para os alumnos con cualificación positiva, pero que desexen mellorar a súa nota) cun peso do 70% na nova nota de esa avaliación (na parte correspondente á proba escrita), coa excepción da terceira avaliación para aqueles alumnos que ademáis desta non teñan superada ningunha das anteriores, situación que suporá non ter superada a materia na avaliación ordinaria. A recuperación da terceira avaliación coincidirá coa última proba do curso ordinario, e na que, por tanto, non se poderá ir con máis de dúas avaliacións pendentes. Esta proba terá tamén un peso do 70% na nova nota de cada avaliación (na parte correspondente á proba escrita).

A nota final da avaliación ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións. Aprobados, sen necesidade de facer máis exames, os alumnos que teñan media aritmética 5 ou superior, sempre que en ningunha das avaliacións a nota fose inferior a 3. Poderían ir a outro exame de recuperación de xeito voluntario, coa finalidade de mellorar a súa nota.

Os alumnos que ao final lles queden unha ou dúas avaliacións sen recuperar examínanse das avaliacións que teñan suspensas. Este exame terá un peso do 70 % na nova nota de cada avaliación (na parte correspondente á proba escrita).. Ó final calcularase a media aritmética das novas notas das tres avaliacións.

De todos os xeitos, para unha cualificación positiva deberemos de ter en conta os **Graos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe** que detallaremos no epígrafe 6.6.

## **Probas extraordinarias de Setembro:**

Os alumnos e as alumnas que non obtivesen cualificación positiva na avaliación final ordinaria realizarán as probas extraordinarias de Setembro, comúns para todos os alumnos do mesmo nivel, que serán propostas polo departamento. A proba escrita será o único procedemento de avaliación.

Para cada unha das probas escritas durante o curso:

O alumno que durante a proba escrita sexa sorprendido unha vez falando cun compañeiro verá a calificación da proba reducida en 1 punto. Se fose sorprendido unha segunda vez a calificación da proba sería "0".

No caso en que o alumno sexa sorprendido unha vez consultando ou usando material non autorizado na proba escrita a puntuación dos estándares que figuren ou se apoien nese material será "0". A reincidencia levaría a unha puntuación de "0" en toda a proba. De darse o caso de que ese material non poida ser analizado polo profesor, por exemplo porque se trate dunha folla escrita que o alumno se nega a entregar, atendendo á presunción de veracidade do profesor, aplicarase o criterio do parágrafo anterior.

Según se indica no Capítulo V da RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, nas programacións farase constar para cada estándar de aprendizaxe o grao mínimo de consecución para superar a materia

## 6.6. CONCRECIÓN DA AVALIACIÓN PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. **GRADOS MÍNIMOS DE CONSECUCIÓN.**

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos **estándares de aprendizaxe avaliáveis** que aparece nas distintas unidades didácticas, organizadas segundo consta na programación da asignatura.

Como xa se indicou, os estándares de aprendizaxe deberán acadar un grao mínimo de consecución, que consideraremos unha cota mínima para superar a materia. Con ese fin presentamos a seguinte táboa que permitirá construír unha **rúbrica** ou matriz de avaliación:

<b>Cualificación</b>	<b>Descrición</b>
<b>5</b>	Demostra total comprensión do problema / Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta
<b>4</b>	Demostra considerable comprensión do problema / A meirande parte dos requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
<b>3</b>	Demostra certa comprensión do problema / Boa parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.
<b>2</b>	Demostra pouca comprensión do problema/ Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
<b>1</b>	Non comprende o problema/a tarefa. / A meirande parte dos requirimentos da tarefa non están incluídos na resposta / A resposta contén numerosos erros.

0	Non responde ou responde incoherencias. Da unha resposta que non está na lóxica da cuestión plantexada.
---	---

Entendemos que o grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia debería estar no "3". Como asumimos que pola valoración por debaixo deses valores nun pequeno número de estándares non debería levar necesariamente a non superación da materia, podemos aceptar que a materia quede superada sempre que se obteñan polo menos unha nota de 5 sobre 10 na valoración obtida como se indicou no epígrafe anterior.